
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 31 DE OUTUBRO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Fundación Juana de Vega e o Instituto de Estudos do Territorio para a elaboración dunha guía de intervención en espazos públicos, por un importe de setenta e un mil euros (71.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, para elaboración dun modelo de Plan de dinamización das áreas Rexurbe, por importe de sesenta mil trescentos vinte sete euros con cincuenta e cinco céntimos (60.327,55 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Xinzo de Limia para o acondicionamento da OU-531 (avenida de Celanova), a mellora de vías municipais e racionalización da rede viaria de titularidade autonómica por un importe total de dous millóns dezaoto mil oitenta e seis euros con quince céntimos (2.018.086,15 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se regula a composición e as funcións da Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe polo que se dá conta da Resolución da Axencia Galega de Innovación de concesión de axudas da convocatoria do programa Conecta peme 2018.
- Informe do acordo de colaboración asinado entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense para o financiamento conxunto de contratos de obras para a ampliación do vestíbulo, mellora enerxética e traballos na pista de atletismo.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Informe sobre o financiamento público do Sistema universitario de Galicia (SUG) con fondos á marxe do Plan galego de financiamento universitario 2016-2020.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a liña de axudas para investimento na mellora das infraestruturas e no equipamento dos centros de protección de menores xestionados por entidades de iniciativa social.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Informe sobre a vendima 2018 nas denominacións de orixe galegas.

MEDIO AMBIENTE E A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA COLABORARÁN NA REDACCIÓN DA GUÍA DE INTERVENCIÓN EN ESPAZOS PÚBLICOS

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá o convenio de colaboración para a elaboración desta guía, á que se destinará un importe de máis de 70.000 euros*
- *A Guía de intervención en espazo públicos dará resposta ás intervencións que se producen dun modo conxuntural, sen un patrón ou marco de planificación*
- *Cómpre lembrar que a semana pasada tamén se autorizaba o convenio para a elaboración da Guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas, que se sumarán ás xa editadas pola Xunta de Galicia, como a Guía de cores e materiais de Galicia ou para intervencións nos sistemas praia-duna*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión desta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio, organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e a Fundación Juana de Vega para a redacción da Guía de intervención en espazos públicos. Trátase dunha ferramenta que dá resposta ao obxectivo de elaborar instrumentos específicos para a xestión da paisaxe recollidos na planificación da Estratexia da paisaxe galega 2017-2020. Esta nova guía formará parte da Colección Paisaxe Galega, que está integrada por documentos de carácter técnico, como guías ou manuais, sobre temáticas concretas que teñen o obxectivo de establecer criterios sobre integración paisaxística en diversos campos de actuación.

Esta ferramenta específica guiará a formalización e construción física dos espazos públicos, tendo en conta que en Galicia, en numerosas ocasións, as intervencións sobre os espazos públicos se producen dun modo conxuntural, sen un patrón ou marco conxunto de planificación, ou, cando menos, de criterios técnicos e compositivos.

Este traballo ten por finalidade cubrir a dita lagoa, de tal modo que se poida dispor dunha guía de intervención na que queden reflectidos uns criterios básicos de aplicación no deseño, na elección de materiais e nas formas de execución.

A guía incluirá unha primeira parte de análise e diagnóstico que incorporará: unha revisión dos estudos máis salientables sobre criterios e solucións de intervención en espazos públicos; unha identificación e caracterización da tipoloxía de espazos públicos (como prazas, parques, xardíns, áreas de lecer, paseos, rúas e vías públicas en núcleos urbanos, outros espazos públicos en núcleos rurais, viario público en paisaxes rurais, etc.) e a descrición da súa relación coa paisaxe; e o estudo das características definidoras de cada un dos tipos, como pavimentos, mobiliario, valados ou cerramentos, vexetación, instalacións, incidencia do tráfico, etc.

Nesta guía tamén se fará referencia a medidas e criterios de integración e minimización de impactos paisaxísticos para a intervención en espazos públicos, como a accesibilidade, seguridade, hixiene, prevención de riscos, a redución do consumo de materiais, redución da impermeabilización de solos, preferencia por materiais que precisen de menores distancias de transporte e menor incidencia ambiental, solucións de axardinamento e plantación de baixo consumo e fácil mantemento, redución do consumo enerxético, reutilización de augas pluviais, redución na xeración de residuos, prioridade do tránsito peonil e non motorizado sobre o motorizado, prioridade do transporte colectivo fronte ao vehículo individual, etc.

Noutra das partes da guía definiranse modelos e propostas de intervención en espazos públicos para cada un dos diferentes tipos de espazos públicos identificados, e para cada unha das áreas paisaxísticas ou zonas xeográficas que merezan ser diferenciadas.

Estratexia da paisaxe de Galicia

A Xunta está a desenvolver a Estratexia da paisaxe de Galicia como unha mostra do apoio á posta en valor, protección e recuperación da paisaxe galega. Trátase dunha política transversal que implica todos os departamentos e que se alongará durante toda a lexislatura, incidindo en accións que acaden unha nova sensibilidade para construír a Galicia do futuro, a terra, o territorio e a paisaxe que herdarán as xeracións vindeiras.

O Goberno galego xa elaborou varias guías que serven como ferramentas para axudar á integración paisaxística de diversas actuacións, como son a Guía de boas prácticas para intervención nos núcleos rurais, a Guía de boas prácticas para intervención nos sistemas praia-duna, a Guía para a elaboración de estudos de impacto e integración paisaxística, a Guía de caracterización e integración paisaxística de valados e a Guía de cor e materiais de Galicia.

Cómpre lembrar que a pasada semana o Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas, a Cámara Oficial Mineira de Galicia e a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, da Universidade de Vigo, para redactar a Guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas, coa que se proporcionará unha ferramenta que axude á integración na paisaxe, con criterios de calidade, deste tipo de actividades, que servirá así para avaliar e mellorar a calidade da paisaxe galega.

A XUNTA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO E O COLEXIO DE ARQUITECTOS TRABALLARÁN XUNTOS PARA DEFINIR OS CONTIDOS MÍNIMOS DOS PLANS DE DINAMIZACIÓN DAS ÁREAS REXURBE

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio entre os tres organismos para crear un grupo de traballo que se encargará de elaborar o documento modelo que se deberá seguir nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico que se declaren ao abeiro da futura Lei de rehabilitación*
- *O Goberno galego achegará 60.327,55 euros para sufragar os gastos do Colexio de Arquitectos e da Universidade de Santiago de Compostela*

A Xunta de Galicia impulsará a creación dun grupo de traballo, coordinado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e do que formarán parte tamén a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), co fin de elaborar un documento modelo do Plan de dinamización das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe) que desenvolva e concrete os contidos mínimos esixidos para rehabilitar este tipo de espazos, zonas degradadas desde un punto de vista arquitectónico e social.

Con este fin, o Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre os tres organismos no cal se establece que o IGVS sufragará os gastos do COAG e da USC cun importe total de 60.327,55 euros.

Ao longo de 2018 e 2019, este grupo de traballo será o encargado de desenvolver o documento no que se establecerán os contidos mínimos que deberán incluír o Plan de dinamización das áreas Rexurbe que se declaren ao abeiro do establecido na futura Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, que acaba de ser remitida ao Consello Económico e Social para a súa valoración.

O anteproxecto da devandita lei define estas áreas Rexurbe coma “aqueles ámbitos coa consideración de conxuntos históricos con declaración de ben de interese cultural (BIC)” que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

a) Un proceso de degradación arquitectónica, urbanística ou ambiental motivada, entre outros factores, pola obsolescencia do parque edificado, inadecuación ás necesidades poboacionais, déficits notorios e xeneralizados na calidade das vivendas e nos equipamentos, dotacións e servizos públicos do ámbito, degradación ambiental da zona e falta de conservación de bens e conxuntos edificatorios suxeitos a calquera réxime de protección do patrimonio cultural.

b) Situacións demográficas delicadas, derivadas dunha perda substancial ou envellecemento xeneralizado da poboación, ou por un crecemento excesivo non asumible urbanisticamente.

c) Existencia de graves problemas económicos e sociais, elevadas taxas de desemprego, acusado grao de pobreza, desaceleración constante da taxa de actividade económica e porcentaxes significativas de poboación en risco de exclusión ou que perciban pensións asistenciais ou non contributivas, entre outros aspectos”.

O desenvolvemento destas zonas requirirá a aprobación dos plans de dinamización das áreas Rexurbe, definidos no artigo 58 do anteproxecto legislativo como “un instrumento de planificación que, no marco dunha área Rexurbe, formulará un programa plurianual referido á totalidade do ámbito ou a algunhas das súas áreas, integrando actuacións a nivel arquitectónico dirixidas a fomentar políticas de rehabilitación de edificios e vivendas e a mellora do espazo público, con outras a nivel económico e social”.

Desta maneira, o plan de dinamización terá como obxecto coordinar as actuacións públicas e privadas destinadas á dinamización e rexeneración do ámbito de cada área Rexurbe, impulsando a recuperación da actividade económica, fomentado a mellora da habitabilidade das vivendas e das condicións de vida das persoas residentes, procurando atraer novos habitantes e garantindo a conservación dos valores patrimoniais do conxunto e dos seus elementos singulares.

Estes plans de dinamización redactaranos os concellos que soliciten a declaración dunha área Rexurbe, para o que seguirán o documento modelo que elaborará o grupo de traballo constituído ao abeiro do convenio que autorizou hoxe o Consello da Xunta e que poderá empezar a funcionar tras a súa sinatura.

O CONSELLO AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA PARA A RACIONALIZACIÓN DA SÚA REDE VIARIA MEDIANTE UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS

- *O Goberno galego autorízalle á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a sinatura dun convenio co Concello para realizar obras de mellora na avenida de Celanova, configurar unha circunvalación e renovar as beirarrúas da avenida de Madrid*
- *O convenio prevé o cambio de titularidade a prol do Concello dos dous treitos máis urbanos de varias estradas autonómicas, e que a Xunta asuma a titularidade do treito de vía municipal que se destinará ao tráfico pesado*
- *Esta actuación enmárcase no Plan de mobilidade e ordenación viaria da Xunta, Plan Move, cumprindo unha das súas liñas básicas de mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á colaboración co Concello de Xinzo de Limia para adecuar a configuración da rede viaria da vila á súa realidade funcional, liberando de tráfico treitos urbanos de antigas estradas que hoxe son rúas urbanas e adecuando vías para dar soporte a tráfico interurbano, mediante un investimento autonómico de máis de 2 millóns de euros.

O Executivo galego autoriza así a sinatura dun convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello ourensán no cal se establecen as bases da colaboración técnica e económica que permitirán realizar, entre outras, as obras de mellora necesarias na avenida de Celanova, o treito máis urbano da estrada autonómica OU-531.

Esa avenida conta hoxe en día cunha calzada moi reducida que se atopa enmarcada por dúas ringleiras de plátanos de sombra, ademais dunha vía de servizo. Esta configuración resulta perigosa para a seguridade viaria, posto que as árbores impiden a ampliación dos carrís, reducen a visibilidade para os peóns e dificultan, ademais, o funcionamento das redes de servizos urbanos, especialmente de evacuación das augas pluviais.

Coa actuación proxectada reordenarase a circulación, deixando a calzada principal para un único sentido e a vía de servizo para o contrario. Ademais, prevese limitar o tráfico pesado nesta rúa, que será desviado pola vía que comunica a N-525 coa estrada OU-531, que será acondicionada.

Así mesmo, e tendo en conta que a avenida de Celanova pasará a ter unha funcionalidade máis urbana, no convenio autorizado hoxe prevese o acondicionamento

de varias vías de titularidade municipal para configurar unha alternativa de circunvalación de Xinzo de Limia. En concreto, acondicionarase un treito de 330 metros da pista de Cepetal, outro de 840 metros da pista de Sitibal e outro de 720 metros da travesía do Bouzo.

Ademais, prevese a renovación das beirarrúas da avenida de Madrid (N-525). Esta vía quedará liberada de tráfico unha vez que entre en servizo a alternativa viaria de circunvalación mencionada anteriormente.

Para culminar estas actuacións de racionalización das vías da capital da Limia, o convenio prevé tamén o cambio de titularidade dos dous treitos máis urbanos das estradas autonómicas OU-531 e OU-301, mentres que a Xunta asumirá a titularidade dun pequeno treito de vía municipal que acondicionará para unir a OU-531 coa N-525 dun modo máis directo e con maior funcionalidade, ao estar moito menos urbanizado e finalizar nunha glorieta existente da N-525.

Deste xeito, e segundo establece o convenio aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello de Xinzo da Limia asume a obriga de redactar o proxecto correspondente á mellora na avenida de Madrid e aprobar os proxectos e executar as tres obras obxecto deste convenio, así como aceptar a transferencia da titularidade dos treitos urbanos no Concello de Xinzo de Limia das estradas OU-531, OU-301 e OU-304.

Pola súa banda, o departamento de Infraestruturas da Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, que xa redactou e entregou os proxectos da adecuación da avenida de Celanova e do acondicionamento da conexión entre a N-525 e a OU-531, asume o compromiso de financiar os gastos de execución das obras. Ademais asumirá a titularidade desta última vía municipal.

Esta actuación do Executivo autonómico enmárcase no Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria da Xunta, Plan Move, que contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, e tamén cumpre co obxectivo do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 para a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis segura.

A continuación, amósase un plano da intervención prevista pola Xunta para a racionalización da rede viaria de Xinzo de Limia:



A XUNTA REGULA A COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS DA COMISIÓN INTERDEPARTAMENTAL ENCARGADA DE DESENVOLVER INICIATIVAS DE PROTECCIÓN, PROMOCIÓN E EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- *A creación desta comisión é unha das novidades previstas na Lei de saúde*
- *Coordinará as actuacións das consellerías de Sanidade e de Educación e realizará propostas de actuación para promover a saúde no eido educativo*
- *Con este decreto dáse cumprimento ao establecido na nova Lei de saúde sobre a regulación da composición e funcións desta comisión*

O Consello da Xunta acordou esta mañá o inicio da proposta de decreto polo que se regula a composición e as funcións da Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde. Trátase dun órgano fundamental que ten encomendado o desenvolvemento de iniciativas de promoción, protección e educación para a saúde, así como a coordinación das consellerías de Sanidade e de Educación, Universidades e Formación Profesional neste eido.

Principalmente, a Comisión Interdepartamental estudará os problemas de saúde relevantes e a súa incidencia na educación, isto é, trata de adoptar as medidas necesarias para acadar unha maior eficiencia na promoción da saúde no ámbito educativo.

A creación desta comisión é unha das novidades previstas na Lei de saúde e o inicio da tramitación deste decreto -que regula a súa composición e funcionamento- dá cumprimento ao que se indica nesta Lei 1/2018, do 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia. A lei aborda no seu título XI a creación da Comisión atendendo aos principios de eficacia, eficiencia e participación, e especifica en tres artigos a finalidade, composición e funcións.

O decreto, tal e como se especifica na nova lei, regula a composición cunha presenza paritaria de mulleres e homes e os membros serán as persoas titulares das consellerías con competencia en materia educativa e sanitaria. O establecemento das normas da organización e as súas funcións regularanse a través dunha orde conxunta das consellerías.

A Lei de saúde indica que son funcións da Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde a análise dos estudos dos problemas de saúde relevantes e a súa incidencia no ámbito educativo e a aprobación ou proposta, de ser o caso, de liñas de actuación preferentes. Tamén sinala entre as súas funcións a coordinación dos diferentes recursos existentes para conseguir unha maior eficiencia na promoción da saúde no ámbito educativo; a coordinación das intervencións relacionadas coa

protección da saúde e, en particular, aquelas orientadas á seguridade alimentaria e á protección fronte a riscos ambientais; e a coordinación dos programas desenvolvidos para a atención aos escolares, incluíndo os escolares con necesidades especiais de saúde.

A CUARTA EDICIÓN DO PROGRAMA CONECTA PEME MOBILIZARÁ MÁIS DE 47MILLÓNS EN PROXECTOS QUE IMPULSAN A INNOVACIÓN E NOS QUE PARTICIPAN 169 EMPRESAS

- *O Consello da Xunta informou da resolución desta convocatoria, que contou cun orzamento que medrou un 8%, ata os 27 millóns en axudas, que tamén beneficiará a 24 centros tecnolóxicos e organismos de investigación e que xerará 72 empregos cualificados*
- *O 93% das empresas beneficiarias son pemes que desenvolverán iniciativas relacionadas coa nanotecnoloxía, a enerxía e o ambiente ou a saúde e o benestar*
- *O obxectivo é incrementar a I+D+i empresarial en Galicia primando na selección dos proxectos o innovador das tecnoloxías xeradas e a súa capacidade para poñer no mercado novos produtos e solucións*
- *Grazas a esta iniciativa, activada en 2013, estanse a xerar investimentos de 150 millóns para 187 proxectos de cooperación en que participan 433 empresas e dos que se deriva a creación de 530 novos postos de traballo*

A Xunta resolveu a cuarta edición do programa Conecta peme que, nesta convocatoria, mobilizará máis de 47 millóns de euros en 54 proxectos de innovación empresarial.

O obxectivo desta iniciativa é incrementar a I+D+i empresarial en Galicia, para o que se primou na selección dos proxectos o innovador das tecnoloxías xeradas e a súa capacidade para poñer no mercado novos produtos e solucións que supoñan un avance significativo ou un alto impacto económico.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), destina nesta convocatoria un 8% máis de orzamento que na anterior, chegando aos 27 millóns de euros en axudas para beneficiar un total de 169 empresas –o 93% pemes– e 24 centros tecnolóxicos e organismos de investigación que xerarán 72 empregos cualificados.

Dos 54 proxectos, 38 están vinculados ao desenvolvemento experimental, nove a potenciar a Industria 4.0 a través de proxectos de innovación en materia de organización e proxectos, e sete terán como obxectivo a investigación industrial. Por sectores, preto do 30% centraranse na área da nanotecnoloxía e materiais e tecnoloxías da produción; preto do 28%, no eido da enerxía e do ambiente e o 15% arredor da saúde e o benestar. As iniciativas aprobadas desenvolveranse ata o 2020 e executaranse nun prazo de 2 ou 3 anos.

Entre as novidades desta convocatoria destacaron, ademais do incremento do orzamento, a simplificación de trámites, a especial valoración da contratación de persoal e do potencial en canto á viabilidade e rendibilidade dos proxectos, así como o fomento dunha maior concorrencia para evitar a concentración de axudas nunha mesma empresa.

Dirixido a proxectos que contan cun orzamento de entre 500.000 euros e 1,5 millóns, Conecta peme é unha iniciativa que pretende estimular a innovación das pemes galegas para fortalecer a competitividade do tecido empresarial galego a través da cooperación entre os diferentes axentes, xa que cada proxecto conta coa participación de entre tres e seis empresas e pode incluír unha grande empresa. Ademais, optimízase o acceso ao financiamento ás pemes galegas, favorécese a transferencia de coñecemento ao mercado e foméntase a creación de emprego cualificado.

Desde a súa posta en marcha, no ano 2013, este programa está a mobilizar 150M€ en 187 proxectos de cooperación nos que están a participar 433 empresas –o 95% pemes– e 81 centros tecnolóxicos e de investigación que están xerando a creación de 530 empregos. Este programa complementase con Interconnecta que, desde 2011, tamén está a favorecer o desenvolvemento de 172 proxectos –que contan cun orzamento superior aos 1,5 millóns de euros– entre grandes consorcios de empresas e centros de coñecemento coa participación de 565 empresas galegas.

A XUNTA INVISTE PRETO DE 1 MILLÓN DE EUROS EN EXPOURENSE PARA CONSOLIDAR A ACTIVIDADE FEIRAL E DEPORTIVA DO RECINTO

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria colabora coa Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense para incrementar o espazo expositivo en 400 m² e ampliar da pista de atletismo ata as 1500 persoas, o que permitirá desenvolver ao mesmo tempo actuacións deportivas e de carácter feiral*
- *Desde a súa posta en marcha en decembro de 2017, esta infraestrutura deportiva acolleu 16 eventos, nos que participaron máis de 10.000 persoas*
- *Expourense consolídase como unha peza clave para a actividade económica da provincia, acollendo o ano pasado 11 feiras e 29 eventos que atraeron 89.000 visitas e 940 expositores de 46 países*
- *Con esta actuación sumaranse 4,4 millóns de euros na optimización do recinto feiral en dous anos*

A Xunta investirá máis de 920.000 euros en Expourense co obxectivo de continuar a impulsar a actividade feiral ao tempo que se favorece a multifuncionalidade do recinto. Así, a achega da Consellería de Economía, Emprego e Industria permitirá ampliar a capacidade da pista de atletismo hidráulica ata as 1500 persoas coa instalación de novas bancadas, o que permitirá acoller competicións de maior prestixio e incrementar o espazo expositivo en 400 m², de forma que se poidan celebrar de xeito simultáneo no tempo actuacións deportivas e de carácter feiral.

As obras, que se prevén executar este ano, realizaranse mediante un convenio de colaboración con Expourense. Este acordo tamén comprende melloras na eficiencia enerxética do edificio, así como a instalación de diverso equipamento de imaxe e proxección. Deste xeito, dáse resposta a unha solicitude realizada por Expourense a través do presidente do seu comité executivo e alcalde de Ourense, Jesús Vázquez.

Expourense consolídase ano tras ano como unha plataforma que fomenta a competitividade das empresas galegas e impulsa a internacionalización en sectores estratéxicos como o termalismo, a enogastronomía ou a automoción. Así, durante o 2017, Expourense celebrou 11 feiras, dúas delas de carácter internacional, e 29 eventos, que atraeron 89.000 visitas e 940 expositores de 46 países.

A instalación da nova pista hidráulica de atletismo cuberta, que supuxo un investimento por parte da Secretaría Xeral para o Deporte de máis de 3,5 millóns de euros e que se sitúa entre as mellores de toda España, fai posible que a cidade poida acoller competicións deportivas nacionais e internacionais e garante unha maior ocupación do recinto nos meses de inverno. Desde a súa posta en marcha en

decembro de 2017, a pista deportiva acolleu 16 eventos, nos que participaron máis de 10.000 persoas, entre xuíces, deportistas e visitantes.

Con esta actuación, coa que se sumarán 4,4 millóns de euros na optimización de Expourense en dous anos, dáse resposta ás prioridades formuladas polo Padroado da Fundación, que preside a Xunta de Galicia, po que permite incrementar a competitividade dun recinto clave para o impulso económico, deportivo e social da cidade e da provincia de Ourense.

AS UNIVERSIDADES GALEGAS CAPTARON 110,2 MILLÓNS DE EUROS DE RECURSOS PÚBLICOS ALLEOS AO SEU PLAN DE FINANCIAMENTO

- ***Segundo os datos rexistrados en 2016, primeiro ano de vixencia do Plan galego de financiamento universitario 2016-2020***

As universidades galegas captaron 110,2 millóns de euros de recursos públicos alleos ao seu plan de financiamento, segundo o informe presentado hoxe pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ante o Consello da Xunta. Segundo o balance dos fondos procedentes de diferentes administracións, no primeiro ano de vixencia do Plan Galego de Financiamento Universitario (PGFU) 2016-2020 obtivéronse 28,2 millóns de euros máis da previsión inicial, que ascendía a 82 millóns de euros.

Estas achegas orzamentarias non vinculadas directamente co plan permiten aumentar e diversificar as fontes de financiamento público das universidades, así como medir a súa capacidade real para ter éxito en convocatorias competitivas fóra de Galicia. Nesta liña figuran axudas ou convenios de distintos departamentos do sector público autonómico ou fondos públicos provenientes doutras administracións, como convocatorias de bolsas e Erasmus, proxectos de I+D+i, acordos con concellos e deputacións ou transferencias da Unión Europea.

A Universidade de Santiago de Compostela foi a que captou a meirande parte dos fondos, con máis de 60 millóns de euros recibidos. Destes, a Xunta achegou preto de 4,4 millóns, a Administración estatal 36,9 millóns, a Administración local 296.631 euros e os 18,5 millóns de euros restantes procederon do exterior.

Pola súa banda, a Universidade de Vigo obtivo 28,7 millóns de euros, dos cales 1,8 millóns procederon da Xunta, 23,4 da Administración estatal, 333.884 euros da Administración local e 3,2 millóns de euros do exterior. Finalmente, a Universidade da Coruña recibiu 1,5 millóns da Xunta, 18,9 da Administración estatal, 111.761 euros da Administración local e 765.017 do exterior, o que supón 21,3 millóns de euros captados.

Compromiso coa estabilidade e a I+D+i

O Plan galego de financiamento universitario 2016-2020 supón un investimento total de 2.478 millóns de euros, o que supón 373 millóns de euros máis que o plan anterior. Trátase da mellor folla económica da que se dotou o Sistema universitario galego (SUG) ata o momento, xa que garante a estabilidade do sistema e abre unha senda de compromiso e calidade coa I+D+i.

A XUNTA DE GALICIA INVISTE MÁIS DE 3,5 MILLÓNS DE EUROS EN CENTROS DE PROTECCIÓN DE MENORES NOS ÚLTIMOS DOUS ANOS

- ***A Administración autonómica convocou por segunda vez unha liña de axudas para investimentos e equipamentos destinada aos 60 centros xestionados por entidades de iniciativa social que contará cun investimento de 625.000 euros***
- ***Ademais, destináronse 2,5 millóns de euros a actuacións nos centros de menores San José de Calasanz, Santo Anxo da Garda e nos de Ferrol e A Carballeira***

A Xunta de Galicia continúa a traballar para garantir a mellor atención aos menores de idade en situación de risco ou desamparo. Por iso ofrecerá, por segundo ano consecutivo, unha liña de axudas para investimentos e equipamentos destinada aos 60 centros de protección de menores xestionados por entidades de iniciativa social e que contará cunha dotación orzamentaria de 625.000 euros.

Estas subvencións convocáronse por primeira vez na última década no 2017 co mesmo investimento e súmanse aos 2,5 millóns de euros que a Administración autonómica investiu nos dous últimos anos nos centros de titularidade pública. Así, no que vai de lexislatura investíronse máis de 3,5 millóns de euros na mellora de instalacións e equipamento dos centros de protección de menores de Galicia.

Cómpre destacar que, ao abeiro da orde, se financiou ata a 100% do investimento en obras menores (15.000 euros como máximo por centro) e de compra e mellora de equipamento (ata 10.000 euros por centro). Deste xeito, ao longo destas dúas convocatorias 88 centros financiaron obras mentres que outros 69 compraron novos equipamentos ou melloraron os que tiñan.

No que respecta aos 2,5 millóns de euros destinados a actuacións en centros públicos, leváronse a cabo diversas melloras no centro San José de Calasanz (A Coruña), onde se investiu 1 millón de euros para acometer unha reforma completa; no centro de menores de Ferrol investíronse 625.000 euros para a adquisición de equipamento, mellora do ximnasio e da eficiencia enerxética; ao centro de menores Santo Anxo da Garda de Rábade destináronse 600.000 euros para a construción dun rocódromo, un invernadoiro e un ximnasio; e por último, no centro de menores da Carballeira (Ourense), investíronse 450.000 euros para renovar os baños, os cuartos e a lavandaría.

A Xunta de Galicia asume a tutela daqueles menores que se atopan en situación de desamparo e o exercicio da garda nos supostos determinados polas leis de atención e protección da infancia. O acollemento é o modo de exercicio da garda como medida de protección, consistente no aloxamento e atención dun menor nun centro, na súa

modalidade residencial, co obxecto de que este reciba a atención, a educación e a formación axeitadas que, polo menos temporalmente, non lle poida proporcionar a súa propia familia.

A VENDIMA DESTE ANO CRECEU UN 4,3% ATA CHEGAR AOS 64 MILLÓNS DE QUILOS DE UVA DE MOI BOA CALIDADE EN XERAL

- *Este valor sitúa a colleita de 2018 como a segunda máis abundosa da historia e colócase un 9,7% por riba da media do decenio 2009-2018*
- *Predominaron as variedades brancas con máis de 53 millóns de quilos de uva, que representan o 83,5% do total recollido, destacando a variedade albariña*
- *Se analizamos os datos por denominacións de orixe, salienta Rías Baixas co 60,29% do total recollido con 38,5 millóns de quilos*

O Consello da Xunta coñeceu na súa reunión de hoxe o informe da Consellería do Medio Rural sobre a vendima 2018 nas cinco denominacións de orixe vinícolas de Galicia, onde destaca o incremento do 4,3% da uva recollida con respecto ao ano anterior, chegando así aos 64 millóns de quilos.

Este valor sitúa a vendima de 2018 como a segunda máis abundosa da historia (tras a de 2011) e colócase un 9,7% por riba da media do decenio 2009-2018. En xeral, a uva entrou nas adegas con moi boa calidade e nun bo estado sanitario debido á ausencia de choiva durante a vendima. Todo isto fai prever que os viños desta colleita serán de gran calidade.

Neste senso, predominaron as variedades brancas, con máis de 53 millóns de quilos de uva, que representan o 83,5% da uva total recollida. Entre as variedades destaca a albariña (71% da uva branca total), seguida de lonxe pola treixadura, cun 10,39% e a godello, cun 10,36%. No caso das uvas tintas, predominou a mencia cun 79,6% sobre o total.

Datos por denominacións

Se analizamos os datos por denominacións de orixe, destaca Rías Baixas, co 60,29% do total recollido (38,5 millóns de quilos). A produción representa un incremento do 22,2% respecto ao valor medio da década 2009-2018, malia a pequena baixada rexistrada este ano.

A denominación de orixe (DO) Ribeiro é a segunda en canto a volume recollido, con 8.986.160 kg, o que representa o 14,04% do total vendimado en Galicia. A produción deste ano sitúase case no 72% da media dos últimos dez anos. A DO Ribeira Sacra recolleu un total de 6.170.995 kg, un 11,9 % máis que no 2017 e un 9,5% por riba da media do período 2009-2018. A DO Valdeorras incrementou tamén a súa produción nun 11,7% respecto da campaña anterior ata chegar aos 4.668.999 kg. Finalmente, a denominación Monterrei foi a que máis viu incrementada a súa produción de uva, un

93,9% con respecto ao ano anterior, con 5.591.823, quilos de uva recollida. Estas cifras representan un 173,6% da media das colleitas dos últimos dez anos.

Sector estratéxico

As cinco denominacións de orixe vitivinícolas agrupan a inmensa maioría do sector do viño en Galicia. O case medio milleiro de adegas acollidas comercializaron en 2016-2017 un total de 428.094 hectolitros, un 7,5% máis de viño cualificado que na anterior de 2015-2016.

O prestixio dos viños galegos fan da nosa comunidade un referente dentro do sector vitivinícola español e internacional. Así, este eido convértese nun dos puntos fortes da economía galega, sendo o sector agroindustrial máis exportador.